



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE CATRO DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 39)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **catro de decembro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen-se as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Sr. Deputado D. Xosé María Arias Fernández e a Sra. Vicepresidenta D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón. Antes de iniciar a sesión, o Presidente desculpa a ausencia da Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, indicando que, por ter que estar confinada no seu domicilio durante uns días, non lle é posible asistir á sesión da Xunta de Goberno.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de novembro de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta en relación co expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra de: O Corgo-Castroverde.- ensanche e mellora LU-P-1201 “Souto de Torres (LU-530) –Sobrado (N-VI)”, P.K. 10+120 a 11+650.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: O Corgo-Castroverde.- ensanche e mellora LU-P-1201 “Souto de Torres (LU-530) –Sobrado (N-VI)”, P.K. 10+120 a 11+650, consta no mesmo:

Proxecto de O Corgo-Castroverde.- ensanche e mellora LU-P-1201 “Souto de Torres (LU-530) –Sobrado (N-VI)”, P.K. 10+120 a 11+650, con CSV: IV7G6P2LBVEP7FFTUU6DAA3OEE.



Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7G6IBDD4FMWW5ZSIPTEU2SAU.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7G6IBZEDRMT34S4QMBMJPVKE.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7G6IBY3ZBIROH5SZQUD7RX6Q.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7GYYJT3QB7TPGJCTQCEJSCCA.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7GZWC5YD55QWZ5WAPAOHIOIM.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7GZWBP34G7TLGJA5YH75ASCM.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: O Corgo-Castroverde.- ensanche e mellora LU-P-1201 “Souto de Torres (LU-530) –Sobrado (N-VI)”, P.K. 10+120 a 11+650, sometelo a información pública por espazo temporal de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de

acordó cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 433.279,03 €, dos cales 75.197,19 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A REALIZACIÓN DE INVENTARIOS E INFORMES TÉCNICOS-ECONÓMICOS PARA A IMPLANTACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA E GASEODUCTOS.

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda retirar o asunto da Orde do Día da presente sesión, para os efectos de revisar o expediente.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, RELATIVA AO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA BECERREÁ.- CONSTRUCCIÓN CENTRO DE DÍA E RESIDENCIAL COMARCAL EN BECERREÁ.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

En data 29 de novembro de 2016, aprobouse polo Pleno da Deputación Provincial o convenio de colaboración con Concello de Becerreá coa finalidade de colaborar na demolición de edificación do antigo Fogar Escola e construción e xestión dun Centro de día e residencial comarcal en Becerreá, que se subscribiu o 19 de decembro de 2016.



A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 4 de agosto de 2017 aprobou o proxecto técnico e os pregos de condicións, xunto co gasto, o procedemento de contratación e o correspondente expediente.

Na sesión da Xunta de Goberno de 22 de decembro de 2017 adxudicouse a contratación da obra de BECERREÁ.- Construción centro de día e residencial comarcal en Becerreá, á mercantil Copcisa, SA.

O contrato administrativo asinouse o 10 de xaneiro de 2018, publicándose anuncio de adxudicación no BOP de data 12 de xaneiro de 2018.

A dirección técnica da obra adxudicouse por acordo da Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 26 de xaneiro de 2018, a D. Santiago Catalán Tobía.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 2 de febreiro de 2018 adxudicouse a dirección de execución da obra referenciada a D. José Luis Pardo Pérez e a coordinación de seguridade e saúde a dona María Josefa Álvarez Martínez.

Por Resolución da Presidencia de data 15 de marzo de 2018 designouse responsable do contrato a D^a Mónica Marras Mosquera.

En data 16/03/2018 levántase Acta de Comprobación de Replanteo, que a adxudicataria se nega a asinar.

En data 07/11/2018 levántase acta de comprobación de replanteo, manifestando o representante da empresa a súa desconformidade en nota manuscrita.

Por Resolución da Presidencia, de data 11/2/2020 acordouse ampliación de prazo de execución da obra indicada, quedando establecido no 21/11/2020.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 28/08/2020, aprobouse autorización para a redacción da modificación do proxecto da obra indicada, sen impacto orzamentario e sen que resultara precisa a suspensión das obras.

Por Resolución da Presidencia, de data 19/11/2020 acordouse unha nova ampliación de prazo de execución da obra indicada, ata o 18/06/2021.

Na data do 25/11/2020 recibíuse expediente telemático neste Servizo de Contratación e Fomento de proposta para a modificación do proxecto da obra identificado na cabeceira, así como informes do Director Técnico e informe favorable de supervisión, incorporados ao expediente.

Consideracions Xurídicas

Tendo en conta o previsto no artigo 97 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que sinala “ Con carácter general, salvo lo establecido en la legislación de contratos de las Administraciones públicas para casos específicos, cuantas incidencias surjan entre la Administración y el contratista en la ejecución de un contrato por diferencias en la interpretación de lo convenido o por la necesidad de modificar las condiciones contractuales, se tramitarán mediante expediente contradictorio, que comprenderá preceptivamente las actuaciones siguientes:

Propuesta de la Administración o petición del contratista.

Audiencia del contratista e informe del servicio competente a evacuar en ambos casos en un plazo de cinco días hábiles.

Informe, en su caso, de la Asesoría Jurídica y de la Intervención, a evacuar en el mismo plazo anterior.

Resolución motivada del órgano que haya celebrado el contrato y subsiguiente notificación al contratista.



Salvo que motivos de interés público lo justifiquen o la naturaleza de las incidencias lo requiera, la tramitación de estas últimas no determinará la paralización del contrato”.

Pola súa parte o artigo 234.4 do TRLCSP, inda que non ten carácter de básico, precisa:

“4. Cuando la tramitación de un modificado exija la suspensión temporal parcial o total de la ejecución de las obras y ello ocasione graves perjuicios para el interés público, el Ministro, si se trata de la Administración General del Estado, sus Organismos autónomos, Entidades gestoras y Servicios comunes de la Seguridad Social y demás Entidades públicas estatales, podrá acordar que continúen provisionalmente las mismas tal y como esté previsto en la propuesta técnica que elabore la dirección facultativa, siempre que el importe máximo previsto no supere el 10 por ciento del precio primitivo del contrato y exista crédito adecuado y suficiente para su financiación.

El expediente de modificado a tramitar al efecto exigirá exclusivamente la incorporación de las siguientes actuaciones:

Propuesta técnica motivada efectuada por el director facultativo de la obra, donde figure el importe aproximado de la modificación así como la descripción básica de las obras a realizar.

Audiencia del contratista.

Conformidad del órgano de contratación.

Certificado de existencia de crédito.

En el plazo de seis meses deberá estar aprobado técnicamente el proyecto, y en el de ocho meses el expediente del modificado.

Dentro del citado plazo de ocho meses se ejecutarán preferentemente, de las unidades de obra previstas, aquellas partes que no hayan de quedar posterior y definitivamente ocultas. La autorización del Ministro para iniciar provisionalmente las obras implicará en el ámbito de la

Administración General del Estado, sus Organismos autónomos y Entidades gestoras y Servicios comunes de la Seguridad Social la aprobación del gasto, sin perjuicio de los ajustes que deban efectuarse en el momento de la aprobación del expediente del gasto.””

Tendo en conta o establecido no artigo 105.2 do TRLCSP, a modificación do contrato non poderá realizarse con finalidade de adicionar prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que podan cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. Neste caso, así o indica o informe achegado pola dirección facultativa.

En canto ás modificacións non previstas na documentación que rexe na licitación (como é o caso que nos ocupa) solo poderá efectuarse cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias (art, 107.1 do TRLCSP):

Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros u omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.

Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico , hídrico, arqueolóxico, medioambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non foxen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requerida acorde con unha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.

Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.



Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente , sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, acorde co estado da técnica, se haxa producido con posterioridade á adxudicación do contrato.

Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, medioambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.

No informe da Dirección técnica indicase que corresponden coas circunstancias da letra D) do artigo 107.1 do TRLCSP transcrito, ao indicar “... queda justificado expresamente en el documento presupuesto y se hacen mención a ello en la memoria el cumplimiento del requisito señalado en la letra d) ...”.

En todo caso, a modificación do contrato acordado ao abeiro do Art. 107.1 do TRLCSP non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación do contrato (Art. 107.2) fixando o parágrafo terceiro os supostos en que “ex lege” se produce esa alteración das condicións esenciais da licitación e adxudicación do contrato. Neste caso, en informe indicase que “... no se alteran las condiciones esenciales de la licitación y adjudicación”.

Aos efectos do establecido no artigo 108, a modificación esta redactada polo autor do proxecto técnico obxecto do contrato a modificar.

Tratándose dun contrato de obras debe atenderse ao establecido no artigo 234 do TRLCSP, tendo en conta que se as modificacións poden supoñer a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características defiran das fixadas naquel, os prezos aplicables serán fixados pola administración previa audiencia do contratista, por un prazo mínimo de tres días hábiles, trámite que se coñece como acta de prezos contradictorios. Neste caso non se producen modificacións orzamentarias e o modificado do proxecto.

A modificación do contrato conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 99.3 do TRLCSP que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela (a garantía)

garde proporción co novo prezo modificado. Neste caso, non supón incremento, polo que non procede o reaxuste de garantías.

A modificación do contrato pode levar a un aumento do prazo, prevíndose este reaxuste no Artigo 162 do RD 1098/2001 do 12 de outubro (RXLCAP). Neste caso establécese unha ampliación, no modificado, indicando que finalizará o 18/06/2021, que coincide coa ampliación de prazo aprobado por Resolución da Presidencia de data 19/11/2020.

Consta informe de supervisión favorable, do proxecto modificado, de data 17/11/2020, emitido polo Xefe do Servizo de expropiacións e control de proxectos.

Tendo en conta que o PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 2.1 “O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do Proxecto Técnico que servirá de base para a realización das obras, así como da adxudicación do contrato, nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Ilmo. Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial”, o órgano competente para resolver este asunto é a Xunta de Goberno.

Conclusión

En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación da modificación do proxecto, efectuada pola dirección da obra, infórmase favorablemente a modificación contractual e do proxecto da obra BECERREÁ.- Construción centro de día e residencial comarcal en Becerreá entendendo o que subscribe, que procede que polo órgano de contratación se adopte acordo neste sentido:

Aprobar o proxecto modificado da obra BECERREÁ.- Construción centro de día e residencial comarcal en Becerreá, con informe de supervisión favorable, redactado polo arquitecto D. Santiago Catalán Tobía, sen supoñer variación económica respecto do primitivo.



Aprobar a modificación do contrato adxudicado á mercantil Copcisa SA, que prestou conformidade ao mesmo, e sen resultar aumento orzamentario, e cun prazo de execución ata o 18/06/2021.

Formalizar a modificación contractual aprobada en documento administrativo.

Sometelo a información pública aos efectos establecidos no art. 93 do RD 781/1986.

A vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto polo Servizo de Intervención, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o proxecto modificado da obra BECERREÁ.- Construción centro de día e residencial comarcal en Becerreá, con informe de supervisión favorable, redactado polo arquitecto D. Santiago Catalán Tobía, sen supoñer variación económica respecto do primitivo.

2º.- Aprobar a modificación do contrato adxudicado á mercantil Copcisa SA, que prestou conformidade ao mesmo, e sen resultar aumento orzamentario, e cun prazo de execución ata o 18/06/2021.

3º.- Formalizar a modificación contractual aprobada en documento administrativo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo de modificación contractual.

5º.- Sometelo a información pública aos efectos establecidos no art. 93 do RD 781/1986.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE CESIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS DETERMINADAS NA CLÁUSULA 2.1 DO PCAP E 4 DO PPT, A EXECUTAR NOS CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS

MAIORES (CAM) DE TRABADA E RIBADEO, LOTE 2: CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (CAM) DE RIBADEO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento e da Xefa da Sección de Benestar Social e Igualdade, o que prestou conformidade a Secretaria Xeral, que contén o seguinte:

“Antecedentes.

Acordo da Xunta de Goberno de adxudicación do contrato á empresa Clece S.A., de data 29 de abril de 2019, da contratación das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do PPT, a executar nos centros de atención a persoas maiores (CAM) de Trabada e Ribadeo, lote 2: centro de atención a persoas maiores (CAM) de Ribadeo.

Contrato asinado con data 24 de maio de 2019, con CSV 6TEL7YNRGMWWHISA5SGYIVAA, e Acta de inicio do contrato que establece unha duración desde o 13 de xuño de 2019 ata ao 20 de xuño de 2022.

Solicitud da empresa Clece S.A., de data 16 de setembro de 2020, recibida na Sección de Benestar Social. Comunicación da Presidencia da Deputación, de data 14 de outubro de 2020, a esta empresa, de que non resulta visible nin accesible a documentación que di achegar no seu escrito.

Solicitud de Clece S.A. á Deputación de Lugo, de data 28 de outubro de 2020, recibida na Sección de Contratación de que “autorice expresamente la cesión de la ejecución del contrato administrativo” e aporta documentación da cesionaria, C.K. Senior Gestion S.L, esixida no PCAP para a adxudicación así como documento de conformidade do cesionario coa cesión solicitada polo contratista.



Requirimento de Presidencia a Clece S.A., con CSV IV7G6QJOIDW4RDM2XRQA5ZYSKA, de data 11 de novembro de 2020, de documentación adicional.

Clece S.A. presentou o 17 de novembro de 2020, a documentación solicitada e presentou documentación adicional o 1 de decembro de 2020.

Lexislación aplicable.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico- administrativas.

A cesión dos contratos réxese polo disposto no artigo 214 da LCSP:

“1. Al margen de los supuestos de sucesión del contratista del artículo 98 y sin perjuicio de la subrogación que pudiera producirse a favor del acreedor hipotecario conforme al artículo 274.2 o del adjudicatario en el procedimiento de ejecución hipotecaria en virtud del artículo 275, la modificación subjetiva de los contratos solamente será posible por cesión contractual, cuando obedezca a una opción inequívoca de los pliegos, dentro de los límites establecidos en el párrafo siguiente.

A tales efectos, los pliegos establecerán necesariamente que los derechos y obligaciones dimanantes del contrato podrán ser cedidos por el contratista a un tercero siempre que las cualidades técnicas o personales del cedente no hayan sido razón determinante de la adjudicación del contrato, y de la cesión no resulte una restricción efectiva de la competencia en el mercado. Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 2, letra b), no podrá autorizarse la cesión a un tercero cuando esta suponga una alteración sustancial de las características del contratista si estas constituyen un elemento esencial del contrato.

Cuando los pliegos prevean que los licitadores que resulten adjudicatarios constituyan una sociedad específicamente para la ejecución del contrato, establecerán la posibilidad de cesión de las participaciones de esa sociedad; así como el supuesto en que, por implicar un cambio de control sobre el contratista, esa cesión de participaciones deba ser equiparada a una cesión contractual a los efectos de su autorización de acuerdo con lo previsto en el presente artículo. Los pliegos podrán prever mecanismos de control de la cesión de participaciones que no impliquen un cambio de control en supuestos que estén suficientemente justificados.



2. Para que los contratistas puedan ceder sus derechos y obligaciones a terceros, los pliegos deberán contemplar, como mínimo, la exigencia de los siguientes requisitos:

Que el órgano de contratación autorice, de forma previa y expresa, la cesión. Dicha autorización se otorgará siempre que se den los requisitos previstos en las letras siguientes. El plazo para la notificación de la resolución sobre la solicitud de autorización será de dos meses, transcurrido el cual deberá entenderse otorgada por silencio administrativo.

Que el cedente tenga ejecutado al menos un 20 por 100 del importe del contrato o, cuando se trate de un contrato de concesión de obras o concesión de servicios, que haya efectuado su explotación durante al menos una quinta parte del plazo de duración del contrato. No será de aplicación este requisito si la cesión se produce encontrándose el contratista en concurso aunque se haya abierto la fase de liquidación, o ha puesto en conocimiento del juzgado competente para la declaración del concurso que ha iniciado negociaciones para alcanzar un acuerdo de refinanciación, o para obtener adhesiones a una propuesta anticipada de convenio, en los términos previstos en la legislación concursal.

No obstante lo anterior, el acreedor pignoraticio o el acreedor hipotecario podrá solicitar la cesión en aquellos supuestos en que los contratos de concesión de obras y de concesión de servicios los pliegos prevean, mediante cláusulas claras e inequívocas, la posibilidad de subrogación de un tercero en todos los derechos y obligaciones del concesionario en caso de concurrencia de algún indicio claro y predeterminado de la inviabilidad, presente o futura, de la concesión, con la finalidad de evitar su resolución anticipada.

Que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar.

Que la cesión se formalice, entre el adjudicatario y el cesionario, en escritura pública.

3. El cesionario quedará subrogado en todos los derechos y obligaciones que corresponderían al cedente.”

No presente expediente, a cesión obedece a unha opción inequívoca dos pregos. A cláusula 24.3 do PCAP dispón o seguinte:

“Os efectos do establecido no artigo 214 da LCSP, este PCAP establece a posibilidade de modificar subxectivamnte cada contato, cesión de contratos, ao entender que concorren os condicionantes do apartado primeiro dese precepto aplicándose, na eventual cesión, todos os requisitos fixados no parágrafo segundo dese mesmo artigo (letras a-d todas) as que se remite expresamente este PCAP para resolver as peticións de cesión de dereitos e obrigas a terceiros.”

Na presente contratación, as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foron razón determinante da adxudicación do contrato, posto que se adxudicou o servizo de referencia en base aos criterios de adxudicación contidos na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas, é dicir: Criterios de adxudicación avaliábles mediante xuízo de valor e criterios de adxudicación avaliábles automaticamente, circunstancias éstas que non se ven afectadas de ser efectivamente realizada a cesión que solicita a adxudicataria.

Da cesión non resulta ningunha restrición da competencia no mercado. A licitación tramitouse por un procedemento ordinario aberto, con división en lotes, cunha duración inferior á máxima permitida pola LCSP. As condicións da adxudicación mantéñense para o cesionario.

O cedente ten executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato, en concreto, o cedente ten executadas prestacións por importe de 645.752,48 euros (IVE incluído), que supón o 30,74% do importe de adxudicación do contrato; quedando pendente por executar o 69,26%.

Cúmprese o preceptuado na letra c do artigo 214.2 da LCSP:

“c) Que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente



clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar”.

A contratista Clece S.A. aportou a documentación da empresa C.K. Senior Gestion S.L. esixida na cláusula 17 do PCAP:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación:

Aporta fotocopia do CIF da empresa, DNI do representante e escritura de constitución na que consta como obxecto social, entre outros, a explotación de residencias da terceira idade, clínicas xeriátricas e establecementos similares e inscrición no Rexistro Mercantil de Asturias.

Aporta escritura de nomeamento do representante como administrador solidario.

Achega recibo de 2020 de IAE e certificado censal da Axencia Tributaria de data 22 de setembro de 2020, no que consta alta no Imposto de Actividades Económicas, IAE, no epígrafe 952 (asistencia y servicios a disminuidos), entre outros.

Achega certificación positiva da Axencia Tributaria de data 13 de outubro de 2020.

Incorpórase certificación do Servizo da Recadación da Deputación de non ter débedas.

Achega certificado de estar ao corrente nas obrigas coa Seguridade Social de data 13 de outubro de 2020.

Achega declaración de non atoparse en concurso de acredores.

A garantía constituirase so no caso de que o órgano de contratación autorice a cesión e con posterioridade a dito acordo. Non se procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente ata que se atope formalmente constituída a do cesionario (artigo 111.4 da LCSP).

En acreditación da solvencia económica, aporta contas dos anos 2017, 2018 e 2019, depositadas no Rexistro Mercantil de Asturias, nas que consta un volume anual de negocios superior ao esixido no PCAP e patrimonio neto positivo.

En acreditación da solvencia técnica ou profesional (dous medios):

Achega certificado da empresa CK Senior Gestion SL de que xestiona de maneira integral o servizo de tres residencias (CK Celorio, CK Zarracina, CK La Quinta), con importe de facturación no ano de maior execución (2019) que supera o esixido no PCAP.

Aporta certificado do Organismo Autónomo de Establecimientos Residenciales para Ancianos de Asturias de execución de servizos realizados en, por exemplo, 2018, expedientes 46/09 y 19/08, por un importe de 384.437,20 euros, que supera o importe esixido no PCAP en función da fase de execución do contrato (resta por executar o 69,26%, sobre o importe total de solvencia técnica esixido no PCAP: 504.468,06 euros=349.394,58 euros).

A maiores aporta outros documentos relacionados cos centros residenciais como: documento de cesión de contrato de 10 prazas do establecemento residencial situado en Celorio á empresa CK Senior Gestión S.L exp 19/08 de ERA.; contrato de cesión de xestión do centro residencial Zarracina; contrato de arrendamento de La Quinta, etc.

Aporta indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente os responsables do control de calidade.

Aporta títulos académicos e profesionais do empresario e da persoa responsable de calidade.

Achega compromiso de adscrición de medios materiais e persoais na forma e condición esixida nos pregos e na oferta.



Aporta solicitude de inscrición no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da comunidade autónoma de Galicia.

Aporta cadea de mando e o interlocutor responsable por parte da adxudicataria.

Presenta declaración da cesionaria de que non está incurso en prohibición para contratar e declaración de estar interesada na cesión.

A cesión do contrato vense configurando como un caso de novación modificativa subxectiva do contrato (artigo 1205 do Código civil), que ocorre pola subrogación dun terceiro na posición xurídica do contratista; este dende o momento de formalización en escritura pública da cesión, queda desligado do vínculo contractual coa administración, resultando substituído polo cesionario.

Esta cesión é un instrumento técnico que permite a circulación do contrato administrativo no tráfico xurídico.

A cesión do contrato subroga ao cesionario nos dereitos e obrigas, pendentes de devengo, do contratista cedente. A cesión non extingue o contrato, senón que solo modifica un dos suxeitos da relación.

O acordo de cesión é un negocio xurídico bilateral no que son parte o contratista e o terceiro (cesionario), sendo allea a administración, se ben debe autorizala.

No caso analizado o contrato é susceptible de cesión; a cesión non supón unha alteración substancial das características do contratista (o cesionario acredita aptitude e solvencia /clasificación); non se aprecia unha eventual restrición efectiva para o mercado.

O cedente executou máis do 20% do importe do contrato.

A cesión deberá formalizarse en escritura pública, entre o adxudicatario e o cesionario, toda vez que o pacto de cesión non é un contrato administrativo senón un negocio xurídico-privado.

Se non se outorga escritura pública non se entenderá producida a cesión do contrato, de modo que a administración contratante non terá ao cesionario como parte do contrato. O outorgamento desta escritura debe ir precedida da autorización da administración contratante.

Finalmente e en canto aos efectos, precísase:

Unha vez outorgada a escritura pública, previa autorización desta administración, o cesionario queda subrogado en todos os dereitos e deberes que corresponderían ao cedente. Cedente e cesionario deben entregar copia auténtica de escritura pública.

Dende o momento do outorgamento desa escritura pública a cedente desvinculase da administración contratante para este contrato e substitúese polo cesionario.

Dende esa data- de formalización de escritura pública- debe procederse a constitución da garantía polo cesionario, polo mesmo importe que a actualmente constituída. O importe da garantía constituída ascende a 113.709,49 €.

O cesionario debe aportar certificado da efectiva inscrición no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da comunidade autónoma de Galicia.

Respecto ao órgano competente, dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que



comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaría Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Conclusión: Así pois a cesión do contrato enténdese axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente a súa autorización baixo as consideracións e presupostos relacionados.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Autorizar a cesión do contrato das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do PPT, a executar nos Centros de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Trabada e Ribadeo, lote 2: Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Ribadeo a favor de la empresa C.K. Senior Gestión S.L., cuxo importe executado ascende a 645.752,48 euros (IVE incluído), que supón o 30,74 % do (IVE incluído); quedando pendente de executar un importe máximo de 1.455.140,85 euros, o 69,26%, finalizando a vixencia do mesmo o 20 de xuño de 2022.

2º.- Requirir ao cesionario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación do presente acordo presente a seguinte documentación:

Escritura pública de formalización da cesión entre o cedente e o cesionario.

Resgardo acreditativo da garantía definitiva por importe de 113.709,49 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ENCARGO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO E SERVIZO

TÉCNICO, EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE LIMPEZA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO POR UN PERÍODO DE SEIS MESES.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“A Deputación Provincial de Lugo ten, a efectos da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de Contratos do Sector Publico (LCSP en diante), a consideración de poder adxudicador, podendo segundo a potestade de auto organización, prevista no artigo 31 da citada LCSP, executar directamente prestacións propias dos contratos a través de entes que ostenten a condición de medio propio personificado segundo o estipulado no artigo 32 da LCSP.

A Disposición Adicional 24ª da LCSP, establece que a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. (TRAGSA, en diante) e a súa filial TRAGSATEC son medios propios personificados e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas, das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabidos e Consellos Insulares, das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais e das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poder adxudicador, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no punto 2º da letra d) do apartado 2 do artigo 32, e nas letras a) e b) do apartado 4 do mesmo artigo, e estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que estes lles encomenden nas materias sinaladas nos apartados 4 e 5 desa Disposición Adicional 24ª da LCSP

As relacións de TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, cos poderes adxudicadores dos que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, ten natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos dos previstos no artigo 32 da LCSP, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

No punto 4 da citada Disposición Adicional 24ª da LCSP sinálase que as sociedades do Grupo TRAGSA, prestarán, entre outras, as funcións de realización de todo tipo de actuacións para



a mellora dos servizos e recursos públicos, a condición de que non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos e a realización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos agrícolas, gandeiros, forestais, de desenvolvemento rural, de conservación e protección do medio natural e ambiental, de acuicultura e de pesca, así como os necesarios para o mellor uso e xestión dos recursos naturais. Igualmente poderán levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos (...).

No mesmo sentido, os Estatutos Sociais de TRAGSA prevén especificamente no Artigo 2 o seguinte:

“d) Cualquier tipo de servicios agrícolas, ganaderos, pesqueros, forestales, veterinarios y en el patrimonio verde urbano, tales como campañas o inspecciones sanitarias, actuaciones de salud pública y sanidad ambiental dirigidas al control de la calidad del agua, de los riesgos ambientales de las sustancias y preparados químicos peligrosos, así como de los biocidas y fitosanitarios, de los efectos para la salud de las radiaciones ionizantes y no ionizantes, y de cualquier otro riesgo ambiental, prevención y lucha contra las plagas y enfermedades vegetales y animales y contra los incendios forestales, protección y conservación de suelos, ahorro de agua, estadísticas, inventarios, registros, catastros, la realización de todo tipo de actuaciones y prestación de servicios vinculados al refuerzo de la seguridad y de la calidad alimentarias, la difusión del conocimiento de los productos agrarios y pesqueros y de los agrarios, forestales, medioambientales, de conservación de la naturaleza, de espacios y de recursos naturales; centros ganaderos.”

O importe dos traballos descritos no Prego de Prescricións e realizados por medio do medio propio TRAGSA determinarase aplicando ás unidades executadas as tarifas correspondentes e, na forma que regulamentariamente se determine, atendendo ao custo efectivo soportado polo medio propio para as actividades, obxecto do encargo, que se subcontraten con empresarios particulares, de acordo co recolleito no punto 7 da disposición adicional vixésimo cuarta da LCSP e artigo 6 do Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico de TRAGSA e a súa filiais.

Contrastada a capacidade de TRAGSA para a execución e xestión destes servizos, constatado que para o orzamento dos mesmos, TRAGSA aplicou ás unidades para executar as

tarifas correspondentes na forma regulamentariamente determinada, considérase que TRAGSA é instrumento idóneo para levar a cabo a execución dos traballos obxecto da encomenda.

Que a Intervención da Deputación Provincial de Lugo, fiscalizou favorablemente o encargo a TRAGSA da actividade de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo por un período de seis meses.

En consecuencia, a Deputación Provincial de Lugo considera imprescindible encomendar a TRAGSA a realización dos servizos que se relacionan e describen na memoria que se adxunta con esta proposta.

O artigo 86.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, recolle que as entidades do sector público institucional, poderán ser consideradas medios propios e servizos técnicos terán a consideración de medio propio e servizo técnico cando se acredite que, ademais de dispoñer de medios suficientes e idóneos para realizar as prestacións no sector de actividade que se corresponda co seu obxecto social, de acordo coa súa norma ou acordo de creación se de algunha das circunstancias seguintes:

Sexa unha opción máis eficiente que a contratación pública e resulte sostible e eficaz, aplicando criterios de rentabilidade económica.

Resulta preciso por razóns de seguridade pública ou de urxencia na necesidade de dispoñer dos bens ou servizos subministrados polo medio propio ou servizo técnico.

Neste caso, é posible acudir ao medio propio, por razón de urxencia, por tratarse da única opción que garante a continuidade do servizo, namentras non se formalice un novo contrato administrativo. A interrupción do servizo provoca graves trastornos para a administración contratante, e pon en risco as laborais afectas ao contrato administrativo.

Por todo o exposto propoño, que a Xunta de Goberno adopte os seguintes acordos:



1º.- Aprobar o encargo á Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. da actividade de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo por un período de seis meses, prorrogable trimestralmente, sen que a duración total (incluídas as prórrogas, poida exceder dun ano), por importe de 444.737,86 euros, con efectos dende o día 12 de decembro de 2020, ata o día 11 de xuño de 2021, atendendo ao seguinte desglose:

Anualidade 2020: 49.415,25 euros.

Anualidade 2021: 395.322,61 euros.

Para a anualidade 2021, figura crédito dispoñible suficiente no orzamento inicialmente aprobado polo Pleno o 30 de novembro de 2020.

Os traballos executaránse de conformidade coa memoria que se xunta coa presente proposta.

2º.- As facturas para o pago dos traballos encomendados expediranse por medios electrónicos, de conformidade co establecido na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público. As facturas terán carácter mensual e abonaránse logo de informe favorable ou conformidade do responsable da encomenda. A facturación se efectuará a mes vencido mediante a presentación dunha única factura, desglosada por centros lotes e conceptos, tal e como se recolle no orzamento aprobado.

3º.- De acordo coa certificación emitida por TRAGSA, con data 24 de novembro de 2020, o importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros non excederá do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para este encargo dun 5%.

4º.- Os traballos realizaranse por TRAGSA co máximo coidado e dilixencia respecto a os intereses da Deputación Provincial de Lugo, e o persoal de TRAGSA estará obrigado a gardar a debida confidencialidade respecto a os feitos, datos e informacións que coñeza no curso do encargo.

5º.- O encargo dos servizos e traballos definidos a TRAGSA non implicará delegación ou renuncia de competencia algunha propia da Deputación Provincial de Lugo.

6º.-Para a supervisión, control administrativo e seguimento dos traballos encomendados désígnase por parte da Deputación Provincial de Lugo ao Responsable II Portería, Vixilancia e Seguridade de edificios descentralizados, e por parte de TRAGSA a Emilio José Pardo Álvarez, que poderán ser substituídos polo simple escrito da parte que lles designou.

7º.- O presente encargo poderá modificarse de maneira executiva pola Deputación Provincial de Lugo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, nos termos legalmente previstos e sen prexuízo do resarcimento a TRAGSA dos compromisos que puidese adquirir para a súa correcta execución tal como estaba definida con anterioridade á súa modificación.

8º.- O presente encargo poderá finalizar anticipadamente por razóns de interese público, mediante resolución da Deputación Provincial de Lugo, sen prexuízo da continuidade daquelas actuacións que se atopasen en execución no momento da resolución, e da súa liquidación

9º.-As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente encargo serán resoltas de forma executiva pola Deputación Provincial de Lugo.

10º.- Dispoñer que, durante o tempo de vixencia do encargo, manteráanse as condicións laborais de todos os traballadores, de acordo co estipulado nos seus contratos e no convenio colectivo que lles sexa de aplicación, referente a totalidade dos traballadores que prestarán seus servizos na empresa TRAGSA, e que ditas condicións manteranse nun calquera que sexa a forma de prestación da actividade”.

Esta proposta deixa sen efecto a proposta con CSV: IV7G2TQZBPZ33PJSWAVDIRKSIU”.



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVERTEMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO 2020.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Muras, solicitando modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Muras no que solicita a modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2020. Non obstante este prazo poderá ser prorrogado por unha única vez, mediante acordo da Xunta de Goberno, a solicitude do Concello, na que especificará e xustificará os motivos e indicará o prazo solicitado, que non poderá superar o 30 de xuño de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/07/2020, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MURAS	155	SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS E MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA CASA CONSISTORIAL	--	38.613,40€	38.613,40€

A Alcaldía do Concello de Muras a través de escrito con RE de data 26/11/2020 solicita:

A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2020, concretamente o investimento indicado, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... no importe total se atopan incluídos os honorarios de redacción de proxecto e por erro esqueceuse engadilo na solicitude tramitada...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada.

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MURAS	155	SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS E MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA CASA CONSISTORIAL, INCLÚIDO HONORARIOS DE REDACION PROXECTO	--	38.613,40€	38.613,40€

A base 16, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluiu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de execución e xustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria”.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos



nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

En relación coa adxudicación dos investimentos, toda vez que se trata do mesmo investimento, únicamente se inclúen os honorarios que non estaban nomeados pero si incluídos no importe total, non procede a fixación de novo prazo de adxudicación, agás a posible prórroga que o concello puidera solicitar.

Ademais, na base 20 establécese que os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2021, e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse á Deputación antes do 15 de outubro de 2021, estando, polo tanto, en prazo para presentación de dita xustificación.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases (base 17) do Plan Único 2020, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Muras que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2020.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Muras, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan

Único de Cooperación cos Concellos 2020 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MURAS	155	SUPRESIÓN DE BARRERAS ARQUITECTÓNICAS E MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA CASA CONSISTORIAL, INCLUÍDO HONORARIOS DE REDACION PROXECTO	--	38.613,40€	38.613,40€

2º.- Someter esta modificación do Plan único 2019 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

3º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

4º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras, ou prórrogas concedidas ao efecto.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, en relacion co escrito da Alcaldía do Concello de Láncara, solicitando modificación de proxectos de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Láncara no que solicita a modificación de proxectos de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.



Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2020.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/07/2020, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
LÁNCARA	123	MELLORA DO FIRME DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO	--	23.612,76€	23.612,76€
LÁNCARA	124	MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS EN RONFE, VILAMBRÁN, OLEIROS, TRASLISTE E LÁNCARA	13.400,00€	127.572,47€	140.972,47€

O concello indicado chegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, das actuacións indicadas.

A Alcaldía do Concello de Láncara a través de escrito de data 27/11/2020 solicita:

A modificación de proxectos de investimentos incluídos inicialmente no Plan Único 2020, concretamente o investimentos nº 123 e 124, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada.

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
LÁNCARA	123	PROXECTO MODIFICADO DA OBRA DE MELLORA DO FIRME DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO	--	23.612,76€	23.612,76€
LÁNCARA	124	PROXECTO MODIFICADO DA OBRA DE MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS EN RONFE, VILAMBRÁN, OLEIROS, TRASLISTE E LÁNCARA	13.400,00€	127.572,47€	140.972,47€

A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá

contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”. Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

Consta no expediente a documentación requirida nas bases e non supón incremento orzamentario.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases (base 17) do Plan Único 2020, é a Xunta de Goberno.

Conclusión

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación dos proxectos de investimentos relativos ao Concello de Láncara que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2020.



A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Láncara, e en consecuencia, aprobar a modificación dos proxectos de investimentos relativos ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 modificado nos investimentos do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
LÁNCARA	123	PROXECTO MODIFICADO DA OBRA DE MELLORA DO FIRME DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO	--	23.612,76€	23.612,76€
LÁNCARA	124	PROXECTO MODIFICADO DA OBRA DE MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS EN RONFE, VILAMBRÁN, OLEIROS, TRASLISTE E LÁNCARA	13.400,00€	127.572,47€	140.972,47€

2º.- Someter esta modificación do Plan único 2019 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras, ou prórrogas concedidas ao efecto.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DE VARIOS CONCELLOS, SOLICITANDO PRÓRROGA PARA O PRAZO DE ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos que logo se indican, no que solicitan prórroga para a adxudicación e formalización de contratos, de proceder, de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2020. Non obstante este prazo poderá ser prorrogado por unha única vez, mediante acordo da Xunta de Goberno, a solicitude do Concello, na que especificará e xustificará os motivos e indicará o prazo solicitado, que non poderá superar o 30 de xuño de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/07/2020, figurando incluídos os investimentos para os que solicitan prórroga de adxudicación.

As Alcaldías dos Concellos que deseguido se indican solicitan unha prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, polos motivos e prazos que se sinalan:

Concello de Antas de Ulla

O Concello de Antas de Ulla incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
ANTAS DE ULLA	11	ADQUISICIÓN DE ESCENARIO PARA PROMOCIÓN CULTURAL E DINAMIZACIÓN DO TECIDO ASOCIATIVO	0,00 €	20.100,00 €	20.100,00 €

A Alcaldía do Concello de Antas de Ulla, a través de escrito con rexistro de entrada de data 17/11/2020, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no



expediente e que en síntese indica “ ... situación extraordinaria derivada da crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, (...)” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PAZO ADXUDICACIÓN ATA:
ANTAS DE ULLA	11	ADQUISICIÓN DE ESCENARIO PARA PROMOCIÓN CULTURAL E DINAMIZACIÓN DO TECIDO ASOCIATIVO	31/03/2021

Concello de Baleira

O Concello de Baleira incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BALEIRA	13	ELABORACIÓN DE INVENTARIO DE CAMIÑOS	0,00 €	17.424,00 €	17.424,00 €
	14	ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS DESDE O CÁDAVO A PERRELOS E TOUZÓN, INCLUIDO HONORARIOS	12.064,70 €	91.243,03 €	103.307,73 €

A Alcaldía do Concello de Baleira, a través de escrito con rexistro de entrada de data 20/10/2020, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... situación extraordinaria derivada da crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, que supuxo un atraso na tramitación dos expedientes administrativos (...)” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PAZO ADXUDICACIÓN ATA:
BALEIRA	13	ELABORACIÓN DE INVENTARIO DE CAMIÑOS	30/06/2021
	14	ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS DESDE O CÁDAVO A PERRELOS E TOUZÓN, INCLUIDO HONORARIOS	

Concello de Barreiros

O Concello de Barreiros incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BARREIROS	22	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN AS BOUZAS, PABELLÓN DE SAN MIGUEL, AS EIRAS, SAIÑAS, VEIGA DE CELEIRO, CABRA VELLA, VILAMAR, REIGUEIRA, VILAMARTÍN PEQUEÑO, SAN XULIAN DE CABARCOS E AS LAMAS	10.922,60 €	128.010,86 €	138.933,46 €

A Alcaldía do Concello de Barreiros, a través de escrito con rexistro de entrada de data 13/11/2020, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder,

dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... varias empresas en baixa temeraria (...)” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
BARREIROS	22	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN AS BOUZAS, PABELLÓN DE SAN MIGUEL, AS EIRAS, SAIÑAS, VEIGA DE CELEIRO, CABRA VELLA, VILAMAR, REIGUEIRA, VILAMARTÍN PEQUEÑO, SAN XULIAN DE CABARCOS E AS LAMAS	31/12/2020

Concello de Becerreá

O Concello de Becerreá incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BECERREÁ	28	OBRAS DE MELLORA NA AVENIDA DE NAVIA	37.642,64 €	143.257,27 €	180.899,91 €
	29	MELLORA ENERXÉTICA EN DIVERSAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO: IGREXA BECERREÁ, IGREXA PENAMAIOR, AUGUEIRA, SAN PEDRO, VILOUTA DE ABAIXO E LIÑARES	0,00 €	18.059,25 €	18.059,25 €
	30	MELLORA DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A COUSÍN	0,00 €	23.158,17 €	23.158,17 €
	31	MELLORA DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A BUISÁN	0,00 €	51.940,40 €	51.940,40 €

A Alcaldía do Concello de Becerreá, a través de escrito con rexistro de entrada de data 18/11/2020, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... incidencias na tramitación dos expedientes que demoran a súa adxudicación (...)” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
BECERREÁ	28	OBRAS DE MELLORA NA AVENIDA DE NAVIA	01/02/2021
	29	MELLORA ENERXÉTICA EN DIVERSAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO: IGREXA BECERREÁ, IGREXA PENAMAIOR, AUGUEIRA, SAN PEDRO, VILOUTA DE ABAIXO E LIÑARES	
	30	MELLORA DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A COUSÍN	
	31	MELLORA DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A BUISÁN	

Concello de Bóveda

O Concello de Bóveda incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BÓVEDA	38	REPARACIÓN DE VIAIS E SANEAMENTO EN VER, RUBIÁN, SAN ANTÓN, AVD. SANTIAGO, XULIÁN E MOREDO, INCLUIDO HONORARIOS	0,00 €	49.884,14 €	49.884,14 €
	40	PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS DE VILLALPAPE, MARZÁN, GUNTÍN E VALES	10.108,40 €	74.443,62 €	84.552,02 €



A Alcaldía do Concello de Bóveda, a través de escrito con rexistro de entrada de data 19/11/2020, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... excesiva carga de traballo do escaso persoal (...)” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
BÓVEDA	38	REPARACIÓN DE VIAIS E SANEAMENTO EN VER, RUBIÁN, SAN ANTÓN, AVD. SANTIAGO, XULIÁN E MOREDO, INCLUÍDO HONORARIOS	30/06/2021
	40	PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS DE VILLALPAPE, MARZÁN, GUNTÍN E VALES	

Concello de Burela

O concello de Burela incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BURELA	41	REHABILITACIÓN DE FIRME E RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS URBANAS NA RÚA RIO COBO, INCLUÍDO HONORARIOS	9.500,00 €	67.404,42 €	76.904,42 €

A Alcaldía do Concello de Burela, a través de escrito con rexistro de entrada de data 26/11/2020, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... sobrecarga de traballo administrativo por acumulación tarefas (...)” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
BURELA	41	REHABILITACIÓN DE FIRME E RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS URBANAS NA RÚA RIO COBO, INCLUÍDO HONORARIOS	30/06/2021

Concello de Castro de Rei

O Concello de Castro de Rei incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CASTRO DE REI	54	AMPLIACIÓN REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO ÓS NÚCLEOS DE VEIGA DO COUSO, GRUEIRA, BARDIÁS, MESÓN, BURGO, XORDO, CÚBELO E FORMARÁN NAS PARROQUIAS DE MONDRIZ, LUDRIO, QUINTELA E PACIOS	0,00 €	52.000,00 €	52.000,00 €
	55	REXENERACIÓN DE ACCESOS A RIBA DE MIÑO (OUTEIRO-BAZAR) VEIGA DO PUMAR E GUNTÍN (BAZAR), TORMENTOS (DUARRÍA), BOUZABOA E VIVENDAS DE COLONIZACIÓN (LOENTIA) E SUMEDO (LUDRIO)	37.720,91 €	121.279,09 €	159.000,00 €

A Alcaldía do Concello de Castro de Rei, a través de escrito con rexistro de entrada de data 15/10/2020, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “..gran número de subvencións ... considerando que o prazo límite para a xustificación da maioría delas entre 15 outubro e 30 novembro, resulta imposible para esta entidade realizar a adxudicación destes investimentos ...” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
CASTRO DE REI	54	AMPLIACIÓN REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO ÓS NÚCLEOS DE VEIGA DO COUSO, GRUEIRA, BARDIÁS, MESÓN, BURGO, XORDO, CUBELO E FORMARÁN NAS PARROQUIAS DE MONDRIZ, LUDRIO, QUINTELA E PACIOS	30/06/2021
	55	REXENERACIÓN DE ACCESOS A RIBA DE MIÑO (OUTEIRO-BAZAR) VEIGA DO PUMAR E GUNTÍN (BAZAR), TORMENTOS (DUARRÍA), BOUZABOA E VIVENDAS DE COLONIZACIÓN (LOENTIA) E SUMEDO (LUDRIO)	

Concello de Cervantes

O Concello de Cervantes incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CERVANTES	64	PAVIMENTACIÓN DO ACCESO Ó NÚCLEO DE VILASANTE DENDE A LU-723, P.K 0+000 A 1+480, INCLÚIDO HONORARIOS	9.000,00 €	39.063,03 €	48.063,03 €
	65	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS DE BARRA A VILLALUZ, INCLÚIDO HONORARIOS	0,00 €	38.536,74 €	38.536,74 €
	66	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN VILARELLO DA IGREXA, INCLÚIDO HONORARIOS	0,00 €	23.862,03 €	23.862,03 €
	67	EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN A FREITA, INCLÚIDO HONORARIOS	0,00 €	21.887,26 €	21.887,26 €
	68	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN CABANAXARAZ, INCLÚIDO HONORARIOS	0,00 €	25.810,27 €	25.810,27 €
	69	EXECUCIÓN DE MARQUESINA PARA APARCAMENTO DE VEHÍCULOS EN SAN ROMÁN, INCLÚIDO HONORARIOS	0,00 €	16.722,08 €	16.722,08 €

A Alcaldía do Concello de Cervantes, a través de escrito con rexistro de entrada de data 26/10/2020, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... o atraso na remisión dos informes sectoriais por parte doutras administracións (...)” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
CERVANTES	64	PAVIMENTACIÓN DO ACCESO Ó NÚCLEO DE VILASANTE DENDE A LU-723, P.K 0+000 A 1+480, INCLÚIDO HONORARIOS	30/06/2021
	65	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS DE BARRA A VILLALUZ, INCLÚIDO HONORARIOS	
	66	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN VILARELLO DA IGREXA, INCLÚIDO HONORARIOS	
	67	EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN A FREITA, INCLÚIDO HONORARIOS	
	68	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN CABANAXARAZ, INCLÚIDO HONORARIOS	
	69	EXECUCIÓN DE MARQUESINA PARA APARCAMENTO DE VEHÍCULOS EN SAN ROMÁN, INCLÚIDO HONORARIOS	



Concello de Chantada

O Concello de Chantada incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:

CONCELLO	Nº	INVERTEMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CHANTADA	82	REHABILITACION INTERIOR DA CASA ESCOLA DE SANTA UXÍA	0,00 €	32.326,77 €	32.326,77 €
	83	REHABILITACIÓN DA CASA ESCOLA DE NOGUEIRA	0,00 €	48.080,00 €	48.080,00 €
	84	REFORMA INTERIOR, PORCHE E URBANIZACIÓN DA CASA ESCOLA DE SANTIAGO DE ARRIBA	0,00 €	48.277,26 €	48.277,26 €
	85	RENOVACIÓN DE SERVIZOS E URBANIZACIÓN INTEGRAL DA RÚA VISTA ALEGRE	18.585,70 €	189.885,87 €	208.471,57 €
	86	ADQUISICIÓN E COLOCACIÓN DE SINALIZACIÓN TURÍSTICA	0,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €

A Alcaldía do Concello de Chantada, a través de escrito con rexistro de entrada, de data 11/09/2020, solicita unha prorroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... necesitan informes sectoriais e algunhas teñen que licitarse por procedemento aberto....” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVERTEMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
CHANTADA	82	REHABILITACION INTERIOR DA CASA ESCOLA DE SANTA UXÍA	28/02/2021
	83	REHABILITACIÓN DA CASA ESCOLA DE NOGUEIRA	
	84	REFORMA INTERIOR, PORCHE E URBANIZACIÓN DA CASA ESCOLA DE SANTIAGO DE ARRIBA	
	85	RENOVACIÓN DE SERVIZOS E URBANIZACIÓN INTEGRAL DA RÚA VISTA ALEGRE	
	86	ADQUISICIÓN E COLOCACIÓN DE SINALIZACIÓN TURÍSTICA	

Concello de Cospeito

O Concello de Cospeito incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:

CONCELLO	Nº	INVERTEMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
COSPEITO	79	MELLORAS DE ACCESO EN: ROÁS A LU-113, DE LU-P-1701 A IGREXA DE SANTA CRISTINA, DE LU-111 A LU-P-1701 EN SANTA CRISTINA, VILASUSO, PAREDES DENDE A LU-111, ARCILLÁ DENDE O LÍMITE MUNICIPAL, CAMIÑO MARCELO FEIRA DO MONTE, DA LU-P-1706 Ó BARRIO DE SEIXAS, DA LU-P-1611 A REBORDELO E DE SIXTO A GRANDELA	16.000,00 €	227.000,00 €	243.000,00 €
	80	ALUMEADO PÚBLICO EN XUSTÁS E BEXÁN (FIDALGO, CABANA, MOINELOS E BOGALLOSO)	0,00 €	61.810,04 €	61.810,04 €
	81	ALUMEADO PÚBLICO EN CARBALLAS E XESTA (SEIXAS)	0,00 €	14.255,23 €	14.255,23 €

A Alcaldía do Concello de Cospeito, a través de escrito con rexistro de entrada de data 18/11/2020, solicita unha prorroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no

expediente e que en síntese indica “ ... faltan autorizacións sectoriais (...)” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
COSPEITO	79	MELLORAS DE ACCESO EN: ROÁS A LU-113, DE LU-P-1701 A IGREXA DE SANTA CRISTINA, DE LU-111 A LU-P-1701 EN SANTA CRISTINA, VILASUSO, PAREDES DENDE A LU-111, ARCILLÁ DENDE O LÍMITE MUNICIPAL, CAMIÑO MARCELO FEIRA DO MONTE, DA LU-P-1706 Ó BARRIO DE SEIXAS, DA LU-P-1611 A REBORDELO E DE SIXTO A GRANDELA	30/06/2021
	80	ALUMEADO PÚBLICO EN XUSTÁS E BEXÁN (FIDALGO, CABANA, MOINELOS E BOGALLOSO)	
	81	ALUMEADO PÚBLICO EN CARBALLAS E XESTA (SEIXAS)	

Concello de Folgoso do Courel

O Concello de Folgoso do Courel incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
FOLGOSO DO COUREL	91	ADQUISICIÓN DE TRACTOR	0,00 €	61.000,00 €	61.000,00 €

A Alcaldía do Concello de Folgoso do Courel, a través de escrito con rexistro de entrada de data 23/09/2020, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... a tramitación do expediente esta sometida a prazos ...” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
FOLGOSO DO COUREL	91	ADQUISICIÓN DE TRACTOR	30/04/2021

Concello de Foz

O Concello de Foz incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
FOZ	95	CONSTRUCCIÓN RAMPA DE ACCESO CENTRO DE ANCIÁNS, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	44.934,02 €	44.934,02 €
	96	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN MOURENTE (SAN MARTIÑO), FAZOURO, CANGAS, CARPACIDE-NOIS E PETRIL NA PONTE DE TRANSMONTE	0,00 €	53.495,01 €	53.495,01 €
	97	MELLORA DE ACCESOS E SEGURIDADE VIAL NO NÚCLEO URBANO DE FOZ	11.412,60 €	100.110,08 €	111.522,68 €
	98	REDACCIÓN PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE	0,00 €	17.491,36 €	17.491,36 €
	99	REPARACIÓN E MANTEMENTO DA TERRAZA SEGUNDA PLANTA CENIMA	1.915,13 €	8.129,61 €	10.044,74 €
	100	PINTADO DE PISTAS DE TENIS EN MARZÁN	0,00 €	13.985,99 €	13.985,99 €
	101	CONSTRUCCIÓN REDE PLUVIAIS NA RÚA TORQUES DO CASTRO	0,00 €	55.000,01 €	55.000,01 €



A Alcaldía do Concello de Foz, a través de escrito con rexistro de entrada de data 16/10/2020, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... escaseza de recursos humanos durante a época de covid e baixas de persoal” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
FOZ	95	CONSTRUCCIÓN RAMPA DE ACCESO CENTRO DE ANCIÁNS, INCLUÍDO HONORARIOS	30/06/2021
	96	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN MOURENTE (SAN MARTÍÑO), FAZOURO, CANGAS, CARPACIDE-NOIS E PETRIL NA PONTE DE TRANSMONTE	
	97	MELLORA DE ACCESOS E SEGURIDADE VIAL NO NÚCLEO URBANO DE FOZ	
	98	REDACCIÓN PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE	
	99	REPARACIÓN E MANTEMENTO DA TERRAZA SEGUNDA PLANTA CENIMA	
	100	PINTADO DE PISTAS DE TENIS EN MARZÁN	
	101	CONSTRUCCIÓN REDE PLUVIAIS NA RÚA TORQUES DO CASTRO	

Concello de Friol

O Concello de Friol incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
FRIOL	102	MELLORA DE ACCESOS EN SANTA MARTA, SAN CIBRAO DE ARRIBA, RECAEI, SEOANE, ABRIGUEIRO E FONDEMEIRA, INCLUÍDO HONORARIOS	19.237,80 €	147.718,11 €	166.955,91 €

A Alcaldía do Concello de Friol, a través de escrito con rexistro de entrada de data 25/11/2020, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... retraso informe sectorial preciso” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
FRIOL	102	MELLORA DE ACCESOS EN SANTA MARTA, SAN CIBRAO DE ARRIBA, RECAEI, SEOANE, ABRIGUEIRO E FONDEMEIRA, INCLUÍDO HONORARIOS	30/12/2020

Concello de Guitiriz

O Concello de Guitiriz incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
GUITIRIZ	105	REFORMA INTERIOR DE NAVE PARA EQUIPAMENTO DEPORTIVO	26.584,47 €	82.923,25 €	109.507,72 €
	111	ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA PARA O MANTEMENTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS (ROZADORA DE BRAZO E ROZADORA DE ARRASTRE)	0,00 €	36.886,85 €	36.886,85 €

A Alcaldía do Concello de Guitiriz, a través de escrito con rexistro de de data 20/11/2020, solicita unha prorroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... Covid e a concentración e volume de traballo ” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
GUTIRIZ	105	REFORMA INTERIOR DE NAVE PARA EQUIPAMENTO DEPORTIVO	30/06/2020
	111	ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA PARA O MANTENIMENTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS (ROZADORA DE BRAZO E ROZADORA DE ARRASTRE)	

Concello de Lugo

O Concello de Lugo incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
LUGO	126	REXENERACIÓN DE FIRME EN ESTRADA MUNICIPAL NA PARROQUIA DE ROMEÁN, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	20.683,73 €	20.683,73 €
	127	REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA MUNICIPAL DE ABELEDO A RECEMIL, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	78.150,00 €	78.150,00 €
	128	REXENERACIÓN DE FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL DE CHAVIAN A PEDREDA, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	62.717,82 €	62.717,82 €
	129	REXENERACIÓN DE FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL DE A SILVA AO LÍMITE DO CONCELLO DE GUNTÍN, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	147.189,19 €	147.189,19 €
	130	ABASTECIMENTO DE AUGA AOS NÚCLEOS DE ADAI, AS CANCELAS, VILAMAIOR E PORTOMEILÁN, INCLUÍDO HONORARIOS	51.557,20 €	191.259,26 €	242.816,46 €

A Alcaldía do Concello de Lugo, a través de escrito con rexistro de entrada de data 02/11/2020, solicita unha prorroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... prazos da licitación e esta pendente autorizacións sectoriais” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
LUGO	126	REXENERACIÓN DE FIRME EN ESTRADA MUNICIPAL NA PARROQUIA DE ROMEÁN, INCLUÍDO HONORARIOS	30/04/2021
	127	REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA MUNICIPAL DE ABELEDO A RECEMIL, INCLUÍDO HONORARIOS	
	128	REXENERACIÓN DE FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL DE CHAVIAN A PEDREDA, INCLUÍDO HONORARIOS	
	129	REXENERACIÓN DE FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL DE A SILVA AO LÍMITE DO CONCELLO DE GUNTÍN, INCLUÍDO HONORARIOS	
	130	ABASTECIMENTO DE AUGA AOS NÚCLEOS DE ADAI, AS CANCELAS, VILAMAIOR E PORTOMEILÁN, INCLUÍDO HONORARIOS	

Concello de Mondoñedo

O Concello de Mondoñedo incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:



CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONDOÑEDO	135	REPARACIÓN E MELLORA DE VIAIS EN SEIVANE, ESTELO, ZOÑAN, PUMARIÑO E COMBARRO, INCLÚIDO HONORARIOS	12.064,70 €	80.327,91 €	92.392,61 €
	137	REPARACIÓN DE PONTE DO ARCO EN MASMA, INCLÚIDO HONORARIOS	0,00 €	20.041,47 €	20.041,47 €

A Alcaldía do Concello de Mondoñedo, a través de escrito con rexistro de entrada, de data 28/10/2020, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “...autorizacións sectoriais pendentes” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
MONDOÑEDO	135	REPARACIÓN E MELLORA DE VIAIS EN SEIVANE, ESTELO, ZOÑAN, PUMARIÑO E COMBARRO, INCLÚIDO HONORARIOS	30/06/2021
	137	REPARACIÓN DE PONTE DO ARCO EN MASMA, INCLÚIDO HONORARIOS	

Concello de Monterroso

O Concello de Monterroso incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONTERROSO	150	MELLORA RÚA MIGUEL OLIVARES, INCLÚIDO HONORARIOS	12.064,70 €	108.224,39 €	120.289,09 €
	151	MELLORA FIRME ESTRADA TARRÍO-AVIEIRA	0,00 €	51.248,61 €	51.248,61 €
	152	MELLORA FIRME RÚA PRACTICANTE MANUEL SOENGAS GONTÁ	0,00 €	12.473,44 €	12.473,44 €
	153	APERTURA E SINALIZACIÓN ROTEIRO "DO ANTIGO MONTE ROSO AO NOVO MONTERROSO"	0,00 €	4.000,00 €	4.000,00 €

A Alcaldía do Concello de Monterroso, a través de escrito con rexistro de entrada de data 11/11/2020, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “... efectos e consecuencias da crise sanitaria actual...” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
MONTERROSO	150	MELLORA RÚA MIGUEL OLIVARES, INCLÚIDO HONORARIOS	30/06/2021
	151	MELLORA FIRME ESTRADA TARRÍO-AVIEIRA	
	152	MELLORA FIRME RÚA PRACTICANTE MANUEL SOENGAS GONTÁ	
	153	APERTURA E SINALIZACIÓN ROTEIRO "DO ANTIGO MONTE ROSO AO NOVO MONTERROSO"	

Concello de Navia de Suarna

O Concello de Navia de Suarna incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
NAVIA DE SUARNA	157	ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DE NAVIA DE SUARNA, INCLUÍDO HONORARIOS	12.064,70 €	33.489,58 €	45.554,28 €
	158	MELLORA DE ESPAZOS PÚBLICOS NA RÚA CIMADEVILA, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	43.947,29 €	43.947,29 €
	159	REXENERACIÓN E ENSANCHE DO CAMIÑO DE ACCESO A SEVANE, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	15.589,00 €	15.589,00 €
	160	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN MOSTEIRO, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	20.708,04 €	20.708,04 €
	161	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN VILELA E LIBRE, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	11.992,60 €	11.992,60 €
	162	EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN AIGAS, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	32.988,71 €	32.988,71 €
	163	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE CAMIÑOS EN FOLGUEIRAS E SEÓN-RIO, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	10.399,05 €	10.399,05 €
	164	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO E MOBILIARIO URBANO: FONTE, BANCOS E PAPELEIRAS	0,00 €	8.030,00 €	8.030,00 €
	165	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA O SERVIZO DE OBRAS E SERVIZOS: COMPRESOR, XERADOR, MOTOSERRA, INVERTER, ATORNILLADOR, DESBROZADORA, SOPLADOR E ASPIRADORA	0,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €
	166	CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DA PÁXINA WEB MUNICIPAL	0,00 €	5.045,70 €	5.045,70 €

A Alcaldía do Concello de Navia de Suarna, a través de escrito con rexistro de entrada de data 17/11/2020, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... debido á crise sanitaria derivada do Coronavirus e ó estado de alarma ... ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADJUDICACIÓN ATA:
NAVIA DE SUARNA	157	ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DE NAVIA DE SUARNA, INCLUÍDO HONORARIOS	30/06/2021
	158	MELLORA DE ESPAZOS PÚBLICOS NA RÚA CIMADEVILA, INCLUÍDO HONORARIOS	
	159	REXENERACIÓN E ENSANCHE DO CAMIÑO DE ACCESO A SEVANE, INCLUÍDO HONORARIOS	
	160	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN MOSTEIRO, INCLUÍDO HONORARIOS	
	161	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN VILELA E LIBRE, INCLUÍDO HONORARIOS	
	162	EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN AIGAS, INCLUÍDO HONORARIOS	
	163	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE CAMIÑOS EN FOLGUEIRAS E SEÓN-RIO, INCLUÍDO HONORARIOS	
	164	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO E MOBILIARIO URBANO: FONTE, BANCOS E PAPELEIRAS	
	165	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA O SERVIZO DE OBRAS E SERVIZOS: COMPRESOR, XERADOR, MOTOSERRA, INVERTER, ATORNILLADOR, DESBROZADORA, SOPLADOR E ASPIRADORA	
	166	CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DA PÁXINA WEB MUNICIPAL	

Concello de Ourol

O Concello de Ourol incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:



CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
OUROL	181	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN ATIÁN-VILABUÍN, CERNDAS - O CAL, NOGUEIROÁ, LEONTE, VILACHÁ, SANGUÑIDO - AS PENAS, DOMECELLE, TIÑADE, LOMBAO E O SIXTO, INCLUIDO HONORARIOS	17.621,61 €	211.068,39 €	228.690,00 €

A Alcaldía do Concello de Oural, a través de escrito con rexistro de entrada de data 06/10/2020, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... non dispor dos permisos e autorizacións, dependentes doutras administracións” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
OUROL	181	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN ATIÁN-VILABUÍN, CERNDAS - O CAL, NOGUEIROÁ, LEONTE, VILACHÁ, SANGUÑIDO - AS PENAS, DOMECELLE, TIÑADE, LOMBAO E O SIXTO, INCLUIDO HONORARIOS	30/06/2021

Concello de Pastoriza

O Concello de Pastoriza incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A PASTORIZA	213	CONSTRUCCIÓN DE PISTA DEPORTIVA EN A GUARDA	0,00 €	15.439,60 €	15.439,60 €
	214	CONSTRUCCIÓN DE PISTA DEPORTIVA EN FONMIÑA	0,00 €	15.439,60 €	15.439,60 €

A Alcaldía do Concello de Pastoriza, a través de escrito con rexistro de entrada de data 28/11/2020, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... procedemento desertos e iniciar novamente expediente de contratación...” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
A PASTORIZA	213	CONSTRUCCIÓN DE PISTA DEPORTIVA EN A GUARDA	31/12/2020
	214	CONSTRUCCIÓN DE PISTA DEPORTIVA EN FONMIÑA	

Concello de Pedrafita do Cebreiro

O Concello de Pedrafita do Cebreiro incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
PEDRAFITA DO CEBREIRO	221	CONSTRUCCIÓN DE DEPÓSITO NA RABACEIRA, INCLUÍDO HONORARIOS	5.054,20 €	20.860,87 €	25.915,07 €

A Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro, a través de escrito con rexistro de entrada de data 26/11/2020, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... falta informe sectorial.. ” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
PEDRAFITA DO CEBREIRO	221	CONSTRUCCIÓN DE DEPÓSITO NA RABACEIRA, INCLUÍDO HONORARIOS	30/06/2021

Concello de Pobra do Brollón

O Concello de Pobra do Brollón incluíu ao abeiro do Plan Único 2020:

